

Un planeta verde

CEIP Martagona 2018-2019

Coordinadora: M^a Elena Peña Novás

Integrantes: Carmen Cardo Gómez


M^a Jesús López Abelairas

Raquel López Lema

M^a José Noguero López

Manuel Ivo Varela Fernández

Comezouse a
nosa andaina
na reciclaxe
facendo os
carteis para
poñer nas
aulas.



ENVASES E ENVOLTORIOS



PAPEL E CARTÓN



XENÉRICOS



Colocáronse despois en cada aula e, diante deles, puxéronse os contedores onde se ía botar o lixo.



Tamén se colocaron carteis onde estaba a illa de reciclaxe.



O alumnado
montou o
composteiro
e colocouse
no patio,
debaixo
dunha árbore.



Logo,
preparóuselle a
base con follas
e birutas.



Organizáronse as patrullas de reciclaxe en cada aula. Cada semana había unha patrulla formada por catro membros. Cada neno tiña o peto dunha cor.



As patrullas controlaban todos os días que cada residuo se depositara no sitio axeitado, pero só os martes e os venres baleiraban o lixo no contedor correspondente da illa de reciclaxe.



Reutilizamos moito material ao longo do curso.

Polo Nadal, fixemos unha gran árbore con latas de refresco. Cada neno e nena foi poñendo a súa lata para completar a árbore.



Esta árbore
puxémola como
imaxe da
felicitación que,
cada ano,
mandamos a
outros centros
educativos e
entidades.
Quedounos así
de bonita!!!




Tamén se fixeron árbores de Nadal con revistas e unha coroa con piñas e noces.



Con tapóns de diferentes cores e tamaños
recheamos os símbolos da Paz e da Non
Violencia, previamente feitos con cartón.



Con estes símbolos decoramos os corredores e unha das paredes exteriores do centro.



No Entroido, todos os disfraces do alumnado de Educación Primaria foron feitos con materiais de refugallo.

O tema do disfrace era "O espazo" e os nenos e nenas de 1º e de 2º ían de soles, estrelas e lúas.






LÚA NOVA

LÚA CRECENTE

LÚA CHEA

LÚA MINGUANTE

Os materiais utilizados foron: cartóns, anacos de papel charón, cachos de goma eva sobrantes doutras actividades, tetrabriks pequenos do leite, plástico de burbullas (de embalar) e papel aluminio.



O alumnado de 3º e 4º disfrazouse de planetas.





O alumnado de 5º e 6º
disfrazouse de astronautas,
naves espaciais e
extraterrestres.




Menudo taller se montou para a elaboración dos traxes!!!






Para complementar o tema do espazo varias aulas construíron un sistema solar utilizando pelotas de diferentes tamaños. Logo, pintáronas e colgáronas no teito.





Tampouco faltaron os foguetes espaciais de cartón e botellas de plástico nin un photocall de astronauta, feito de cartón.



Confeccionáronse muráis de aula utilizando botellas de plástico para a elaboración de flores e herba; tapóns, para facer xoaniñas; e, papeis de cores para a palabra primavera.



No horto do colexio plantáronse semillas de escarola, chícharos e sementes dalgunhas árbores frutais, como as mandarinas.



Algunhas xa están saíndo e medrando.




Seguimos reutilizando materiais e fixemos bancos e mesas para as aulas de Educación Infantil con botellas de plástico e táboas de madeira.





Paragüeiros con botellas.



Marcos de cadros con tetrabricks e máis bancos para a entrada do cole, aproveitando unha xardineira que tiñamos.

AGORA

ANTES



Fixemos esculturas e adornamos con elas o rellano das escaleiras.



Tamén aproveitamos unha parede exterior do colexio onde colocamos as nosas particulares "canastas", para que o alumnado xogue nos recreos.



Ademáis, visitamos a planta de reciclaxe de Sogama.

E, por último, participamos no concurso das obras de arte co noso "Recolledor especial do intolerable lixo espacial", aínda que... non gañamos!!!



Pero todos quedamos moi satisfeitos co noso traballo e pensamos que foi unha experiencia moi positiva.

